



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA TRANSPARENCIA E BO GOBERNO
(EXPEDIENTE: 2023/G012/000013)

EXPEDIENTE:2023/G003/000952

ANTECEDENTES

As comisións informativas son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que vaian ser sometidos á decisión do Pleno e da Comisión de Goberno cando actúe con competencias delegadas polo Pleno, agás que haxa que adoptar acordos declarados urxentes.

O Pleno do Concello acordou crear con carácter permanente a Comisión informativa de transparencia e bo goberno na sesión do 28 de setembro de 2023, coa finalidade de garantir a consultar directa e persoalmente os libros de resolucións e os libros das actas das sesións da Xunta de Goberno Local.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Artigo 123, seguintes e concordantes do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF)

Son competente para resolver, de conformidade co artigo 41 do ROF.

Polo anterior, RESOLVO:

Primeiro. Convocar a **Comisión informativa de transparencia e bo goberno**, na sala de sesións da Casa do Concello, o **16/11/2023, ás 13:00 h**, en primeira convocatoria. A sesión entenderase convocada automaticamente dous días despois á mesma hora, se na primeira convocatoria non houbese o quórum necesario.

Ten vostede ao seu dispor os antecedentes relacionados cos asuntos da Orde do día no despacho da secretaria da comisión.

ORDE DO DÍA

- 1 Proposta da Alcaldía de periodicidade da Comisión informativa de transparencia e bo goberno
- 2 Proposta da Alcaldía de periodicidade da Comisión informativa de urbanismo
- 3 Dación de conta das resolucións da Alcaldía dende o núm. 771/2023, do 25 de setembro, ata o núm. 898/2023, do 9 de novembro
- 4 Análise da situación do Museo de Arte Contemporánea A Costa da Morte
- 5 Análise da situación do Museo Etnolúdico de Galicia
- 6 Análise da situación da Biblioteca
- 7 Análise da situación da Fundación Eduardo Pondal
- 8.Ordenanza de prezos públicos



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Segundo. Notificarlles esta resolución a todos os membros da Comisión debidamente designados.

Ponteceso, 9 de novembro de 2023

O alcalde

A secretaria Dou fe (art. 3.2 do R. D. 128/2018)

José Manuel Mato Martínez

Antía Pena Dorado

*Documento asinado dixitalmente na marxe

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas que se indican ao marxe.